

Describo un personaxe fantástico

1 Le o texto e pinta o personaxe como corresponde.

Fedello

Fedello é moi baixiño. Ten as orellas aguzadas, moitas pencas nas fazulas e sorrí sempre.

Ten un traxe verde e usa gorra e zapatillas vermellas.

Gústalle moito facer trasnadas. Entra nas casas e cambia as cousas de sitio. Se non atopas unha zapatilla ou calquera outra cousa, pensa que... quizais fose el!



2 Responde as preguntas sobre o personaxe anterior.

• Como se chama?

• Como é?

• Como viste?

• Que lle gusta facer?

3 Que tipo de personaxe fantástico é Fedello? Marca.

Un ogro.

Un trasno.

Un bruxo.